

**BASES E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE PROXECTOS
#EuropaXunta NO MARCO DO ACTO ANUAL DE
COMUNICACIÓN 2025 DE FONDOS EUROPEOS DE GALICIA**

Categoría 5. #EuropaXunta no ámbito local

Primeira. – Obxecto e convocatoria.

A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE) da Consellería de Facenda e Administración Pública organiza e convoca a segunda edición do Concurso Anual de Comunicación de Fondos Europeos de Galicia co fin de dar visibilidade e incrementar a concienciación da cidadanía sobre os resultados e o valor engadido do apoio dos fondos europeos en Galicia. Nesta edición, na Categoría 5. #EuropaXunta no Ámbito Local, contará coa colaboración da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da dirección xeral competente en materia de Administración Local.

O concurso ten o obxectivo de seleccionar, premiar, comunicar e difundir proxectos que recibisen financiamento por parte de fondos europeos, nos termos establecidos na base terceira desta convocatoria.

O concurso estruturarase en dúas fases, segundo se describe na cláusula quinta, e os proxectos gañadores anunciaranse no marco do Acto Anual de Comunicación 2025 de Fondos Europeos de Galicia.

Segunda. –Categoría de concurso para a selección de proxectos no ámbito local

1. No ámbito da Administración pública da Xunta de Galicia, para os organismos xestores de fondos europeos integrados no sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, establécense as seguintes categorías de concurso:

Categoría 1. #EuropaXunta é máis Intelixente, Competitiva e Dixital

Categoría 2. #EuropaXunta é máis Verde e Conectada

Categoría 3. #EuropaXunta pola Inclusión Social

Categoría 4. #EuropaXunta pola Educación e o Emprego

Categoría 5. #EuropaXunta no Ámbito Local

Categoría 6. #EuropaXunta é Innovadora e Novidosa.

2. A participación das entidades locais de Galicia, ao abeiro desta convocatoria anual, realizarase no marco da Categoría 5. #EuropaXunta no Ámbito Local, co fin de concentrar e resaltar os proxectos locais e para dar maior énfase e difusión á xestión dos fondos europeos a través das entidades locais, sen prexuízo da contribución dos proxectos europeos desenvolvidos polas entidades locais ao resto de categorías temáticas establecidas no concurso.

Terceira. – Condicións de participación

Establécense as seguintes condicións de participación:

1. Poderán participar no concurso aqueles proxectos que fosen cofinanciados mediante distintos instrumentos de financiamento europeo, ben no marco do período 2014–2020, ben no correspondente ao período 2021–2027.

En concreto, inclúense proxectos vinculados á Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI), financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), incluíndo o obxectivo de cooperación territorial europea Interreg; actuacións apoiadas polo Fondo Social Europeo (FSE) e polo FSE+, así como polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e o seu sucesor, o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA). Tamén serán susceptibles de financiamento os proxectos que se enmarquen no Fondo de Transición Xusta (FTX), no Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no Fondo Europeo Agrícola de Garantía Agraria (FEAGA), e aqueles que accedan a programas de xestión directa da Comisión Europea, como LIFE/LIFE+, Horizonte 2020, Horizonte Europa ou iniciativas baixo o enfoque LEADER. Así mesmo, poderanse incluír accións financiadas ao abeiro do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco da resposta da Unión Europea á crise provocada pola pandemia da COVID-19.

2. Poderán participar as entidades locais que sexan promotoras de proxectos financiados polos fondos a que fai referencia esta convocatoria. Para estes efectos terán a consideración de entidade local promotora:
 - a) A entidade beneficiaria do proxecto.
 - b) A entidade socia-coordinadora, beneficiaria principal ou socia-líder do proxecto, no caso do financiamento Interreg ou doutros fondos de xestión directa.
3. Os proxectos presentados serán proxectos xa rematados e certificados ao organismo intermedio, Autoridade de Xestión ou similar. No entanto admitirase tamén a participación daquelas entidades con proxectos financiados en fase de execución avanzada, é dicir, aqueles que na data de remate do prazo de participación neste concurso, teñan xustifico un mínimo do 50% do importe de adxudicación do proxecto.
4. En ningún caso a admisión da solicitude de participación neste concurso de proxectos implica a aceptación polo organismo xestor ou polo organismo intermedio da correcta execución do proxecto financiado, para o que se deberán seguir os trámites e cumprir os requisitos establecidos para o efecto na normativa de aplicación.

Cuarta. – Prazo e forma de presentación das solicitudes de participación.

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos, á caixa de correo do Servizo de Seguimento e Comunicación dos Fondos Europeos da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE) da Consellería de Facenda e Administración Pública (dxfondos.seguimento.facenda@xunta.gal), a través do formulario especificado no anexo I destas bases.
2. A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional destas bases reguladoras e de que o material de comunicación que se poida usar na defensa do proxecto ao longo das fases do concurso, ou que a Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE), que é o órgano xestor desta convocatoria, solicítase no marco do concurso, poida ser utilizado polo devantido órgano para a súa difusión nas diferentes canles, incluídas páxinas

web e redes sociais, así como durante o Acto Anual de Comunicación de Galicia ou outros actos de comunicación que se organicen para dar visibilidade tanto ao concurso como aos propios proxectos e á actividade da Unión Europea en Galicia.

Para estes efectos, a persoa representante deberá asinar a declaración incluída no formulario de solicitude no que fará constar, baixo a súa responsabilidade, que a entidade local participante é a única titular de todos os dereitos de autor sobre o material audiovisual que presenta e que non existen dereitos de terceiros no seu traballo, e que asume as eventuais reclamacións derivadas dos erros ou inexactitudes na dita declaración.

3. Estas bases, a convocatoria do concurso e o modelo de solicitude de participación publicaranse na páxina web da Consellería de Facenda e Administración Pública (www.conselleriadefacenda.gal/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/planificacion-e-fondos) e no portal da Administración Local de Galicia (www.eidolocal.gal).
4. O prazo de presentación de solicitudes de participación rematará o 10 de outubro de 2025.

Quinta. – Desenvolvemento do concurso: dúas fases.

1. Primeira fase. A primeira fase consistirá na selección dos tres (3) mellores proxectos presentados a esta convocatoria por parte do xurado ao que se refire a base sétima. Para adoptar a súa decisión, que recollerá nun acta motivada, o xurado aplicará os criterios de selección detallados na base oitava. Con base nesa acta, a persoa titular da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE) da Consellería de Facenda e Administración Pública ditará resolución declarando os tres proxectos finalistas, sen prexuízo de que o órgano xestor poida solicitar, en calquera momento, a información adicional sobre os proxectos que considere oportuna e pertinente para o resto do proceso.
2. Segunda fase. A fase final terá lugar no marco do Acto Anual de Comunicación de Galicia. Para o desenvolvemento desta fase, as persoas responsables do proxecto finalista con maior valoración deberá realizar unha presentación, en galego, sobre o seu proxecto na forma que se detalla na cláusula sexta e/ou nas instrucións que se elaboren ao respecto para o desenvolvemento do acto que deberán comunicárselle ás entidades participantes. Ao rematar as presentacións de todas as categorías procederase a unha votación final que determinará o proxecto premiado.
3. O proxecto máis votado será recoñecido como o mellor proxecto cofinanciado do concurso #EuropaXunta 2025 e será distinguido como o *Proxecto europeo do ano en Galicia*.

Sexta. – Presentacións de proxectos na fase final.

1. Na fase final, cada proxecto finalista de cada categoría será presentado por un máximo de dúas (2) persoas que dispoñerán dun tempo máximo de cinco (5) minutos para a presentación do seu proxecto.
2. A presentación do proxecto deberá apoiarse nun vídeo previamente elaborado pola DXCFE. Ao remate da proxección do vídeo, as persoas representantes de cada proxecto poderán complementar, aclarar ou matizar a información amosada no vídeo sen que, en ningún caso, se poida superar o tempo máximo de cinco (5) minutos asignado á presentación do proxecto.
3. A entidade local finalista deberá enviar á caixa de correo do Servizo de Seguimento e Comunicación dos Fondos Europeos da DXCFE (dxfondos.seguimento.facenda@xunta.gal) un documento no que se detalle a escaleta da presentación e a relación das persoas que

intervirán na presentación do proxecto, especificando o seu nome, o seu cargo e os datos de contacto.

O prazo para este envío rematará 7 días antes da data de celebración do Acto Anual de Comunicación de Galicia, que se lles comunicará oportunamente ás entidades participantes.

Sétima. – Xurado

1. O xurado encargado da selección dos proxectos na primeira fase do concurso será designado e estará presidido pola persoa titular da Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos, ou persoa en quen delegue, e integrado por:
 - Vicepresidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local.
 - Dúas persoas responsables dos órganos xestores dos distintos fondos e programas europeos, designadas por proposta da persoa titular da DXCFE.
 - Dúas persoas funcionarias destinadas na Dirección Xeral de Administración Local, designadas por proposta persoa titular deste órgano.

Actuará como secretario/a do xurado, para os efectos de estender acta, con voz pero sen voto, unha persoa funcionaria da DXCFE, con nivel mínimo de xefatura de servizo.

2. As decisións do xurado reflectiranse en acta motivada na que se especificará a avaliación que lles corresponde a cada un dos proxectos presentados á convocatoria, en aplicación dos criterios previstos no artigo seguinte.

Oitava. Criterios de valoración dos proxectos.

Na primeira fase do concurso, o xurado terá en conta os seguintes criterios á hora de valorar os proxectos, ata un máximo de 5 puntos:

- a) Contribución do proxecto ao cumprimento dos obxectivos políticos, prioridades ou accións afíns de cada fondo, recollidos nos seus respectivos regulamentos, ata 0,5 puntos.
- b) Incorporación de elementos innovadores, tanto en termos económicos, sociais como ecolóxicos, en relación á categoría do concurso na que compete. Deberase especificar que novidades achega o proxecto respecto a formas anteriores de abordar o mesmo problema, ou a proxectos previos levados a cabo na mesma área: ata 0,5 puntos.
- c) Impacto local e rexional do proxecto, en termos cuantitativos e cualitativos, e a adecuación dos resultados obtidos aos obxectivos establecidos no proxecto: ata 0,5 puntos.
- d) Contribución á resolución dun problema ou debilidade detectada no ámbito da política pública en cuestión e o seu potencial para perdurar no tempo, desde o punto de vista da sostibilidade económica: ata 0,5 puntos.
- e) Grao de cobertura e participación da poboación á que vai dirixida, non só dos beneficiarios directos senón tamén sobre a poboación en xeral. O proxecto debe especificar como conseguiu involucrar á cidadanía e á sociedade civil para que participasen no desenvolvemento ou a execución do proxecto: ata 0,5 puntos.
- f) Sinerxías con outras políticas ou instrumentos de intervención pública (terase en conta se a actuación reforzou a actuación doutros fondos –tanto rexionais, como nacionais e europeos-) e potencial do proxecto para a súa réplica noutras rexións de Europa: ata 0,5 puntos.

- g) Consideración dos criterios horizontais de igualdade de xénero, igualdade de oportunidades e non discriminación e desenvolvemento sostible: ata 0,5 puntos.
- h) Conveniente difusión entre os beneficiarios directos, beneficiarios potenciais e o público en xeral: ata 0,5 puntos.
- i) Capacidade potencial do proxecto para servir como elemento de visibilización eficaz do papel dos fondos europeos na consecución de grandes obxectivos das políticas comunitarias apoiadas con fondos europeos (cohesión, loita contra o cambio climático, mobilidade sostible, inclusión social, dixitalización, etc.), ata 1 punto.

Novena. Órgano xestor e documentación complementaria

1. A Dirección Xeral de Cohesión e Fondos Europeos (DXCFE) da Consellería de Facenda e Administración Pública) é o órgano xestor desta convocatoria e, como tal, ditará as instrucións que sexan precisas para o seu correcto desenvolvemento.
2. En particular, correspóndelle ditar as instrucións que se elaboren para o desenvolvemento do Acto Anual de Comunicación de Galicia que deberán comunicárselle ás entidades participantes con antelación á celebración do acto, e requirir das entidades participantes a documentación que sexa necesaria para a tramitación das candidaturas.
3. A falta de resposta aos requirimentos do órgano xestor, non achegar a documentación, informacións ou datos requiridos ou facelo de forma insuficiente ou incompleta, permitiralle ao dito órgano declarar a desistencia da entidade local da solicitude de participación.

Santiago de Compostela, a 19 de setembro de 2025.